

Medio cento de xuristas do eido lusófono debateron na UVigo os impactos da IA no Dereito

xoves, 25 de abril do 2024 / S. P.

Algo máis de medio cento de xuristas hispano-brasileiros participaron esta semana na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo no III Foro Xurídico Brasileiro, unha cita que trouxo ao Campus de Vigo o debate arredor do impacto que a Intelixencia Artificial (IA) ten no Dereito.

Chegados de diferentes universidades de Brasil, Portugal e da propia Universidade de Vigo o encontro conta cun extenso programa no que se afondou en temáticas tan variadas como variados son os impactos da IA no Dereito.

Protección de datos e desafíos do poder xudicial, novos retos para o dereito electoral, consecuencias para a liberdade de expresión e pensamento, propiedade industrial no mundo virtual ou novas perspectivas para o mundo do traballo son algún dos temas que se trataron ao longo deste luns e martes, 22 e 23 de abril.

“Con este encontro queremos crear un espazo multidisciplinar no ámbito xurídico para o intercambio das investigacións e experiencias profesionais relacionadas cos avances tecnolóxicos da sociedade da información e coa protección dos dereitos fundamentais”, explica a profesora María Hylma Alcaraz, xunto a Juan Antonio Hernández Corchete, Noemí Gestoso e María José Bravo Bosch, os catro docentes responsables na UVigo do comité organizador, equipo do que tamén forman parte outros tantos investigadores brasileiros pertencentes á Universidade Estadual de Santa Cruz, Universidade Federal de Bahía, Universidade do Estado de Bahía ou a Orde dos Avogados de Brasil.

A apertura do encontro, celebrada este luns 22, contou coa participación da profesora María José Bravo Bosch, en representación do equipo de goberno da Universidade de Vigo; o decano do centro, Francisco Torres; Gabriela Sousa Rego Pimentel, proreitora da Universidade do Estado de Bahía; Clodoaldo Silva da Anunciação, en representación da Universidade Estadual de Santa Cruz, e Juan Antonio Hernández Corchete, en nome do comité organizador.

“Esta actividade ten un valor adicional en termos de transferencia de coñecemento á sociedade e de colaboración con prestixiosas entidades profesionais, como a Asociación de Maxistrados de Bahía e a Asociación do Ministerio Público de Bahía, así como de outras entidades universitarias brasileiras e portuguesas”, explicou o profesor Hernández Corchete, quen fixo fincapé na importancia deste tipo de actividades no proceso de internacionalización da Universidade de Vigo.



dinahos
hospeda este esp



BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa



- Metaversos. Enfoque GaiásTech
- O Diario Oficial de Galicia anuncia hoxe a ampliación de solicitar os bonos dixitais de decembro
- A Xunta destaca a importancia da concienciación dixital para o territorio conectado

Gali
un ter
para in



PUBLICIDADE